



MARÍA LUZ MORALES  
1889-1980

## MARÍA LUZ MORALES, A GRAN SEÑORA DA PRENSA

Carme Vidal

[...] a verdade verdadeira, soños á parte, é que non quixen ser outra cousa que isto que humildemente son: simple e sinxelamente, xornalista. Apaixonante profesión ourizada de fatigas e glorias, de riscos e atractivos<sup>1</sup>.

Nada facía presaxiar que detrás daquela breve referencia se agochara un dos nomes máis brillantes do xornalismo literario. María Luz Morales aparecía naquela ocasión, en nota a pé de páxina, como autora da monumental *Historia do cine*. Presentábase como escritora e xornalista natural da Coruña. Detrás daquel nome e aquela concisa cita agochábase máis de medio século de xornalismo desenvolvido principalmente en Barcelona. Estaba tamén unha traxectoria profesional de vangarda que inauguraba xéneros como a crítica cinematográfica. Atopábase unha xornalista de prestixio que traballou en distintas cabeceiras e chegou a ser directora de *La Vanguardia* no seu período máis difícil. Conforme os datos agromaban, sorprendía aínda máis que María Luz Morales non tivese un lugar de relevo na historia da prensa.

“Non quixen ser outra cousa que isto que humildemente son: simple e chanamente, xornalista”. A confesión de María Luz Morales no prólogo do seu libro *Alguien a quien conocí* fai balance de toda unha vida dedicada a escribir en páxinas de periodicidade caduca. Malia ser autora dunha mancha de libros —narrativa e biografías, principalmente—, é consciente de que o

1. Morales, María Luz: *Alguien a quien conocí*. Barcelona: Editorial Juventud, 1973, p. 9.

groso do traballo da súa vida, aquel ao que lle dedicou boa parte da súa existencia, había desaparecer case con tanta rapidez como marca a cabeceira. Como xornalista, sabía María Luz Morales que o seu non era un oficio para transcender, pero tampouco lle había deparar mellor sorte o futuro da súa creación como escritora. Apenas vinte anos despois da súa morte, case nada lembra a esta muller autora dunha obra inmensa que ben merece un maior recoñecemento. Se difícil é atopar os seus libros, case imposíbel resulta avaliar a súa obra xornalística, dispersa e, coa sorte que corren a maior parte das páxinas de prensa, nunca clasificada nin recompilada.

Por iso non é de estrañar que, cando María Luz Morales recolle en *Alguien a quien conocí* os retratos do que ela chama as “presencias iluminadas” que atopou en máis de cincuenta anos de vida xornalística, estea tamén a facer, en certa medida, memoria e permanencia do que ela ben sabía: que, de non converterse en libro, non pasaría máis alá das súas lembranzas persoais. Trátase de retratos de personaxes como Madame Curie, Victor Catalá, Federico García Lorca, André Malraux, Gabriela Mistral, Paul Valéry ou o conde de Keyserling que algunha vez tiveron relación coa xornalista —un contacto que vai máis alá do redactor-entrevistado— e que agora, pasados os anos, nos dan medida do prestixio e a consideración que a pluma de María Luz Morales acadou no seu tempo.

Son páxinas aparecidas anteriormente no *Diario de Barcelona* que, como a autora explica, pasan a libro nun proceso que, cando acontece, avala a calidade do xornalismo literario no que, por outra parte, ela sempre se mantivo. Detrás ten toda unha longa traxectoria en distintas cabeceiras, o que explica tamén o acendido prólogo de José Tarín Iglesias:

Durante máis de medio século, a grande señora da nosa prensa escribiu sen fatiga e da súa vibración arrebatada brotou unha lírica acendida, férvida, afanosa<sup>2</sup>.

2. *Ibidem*, p. 5.

Repítense adxectivos na definición cos que é fácil coincidir quen se achegue á súa desbordante obra. A que pasou a ser coñecida como “a gran señora da prensa” —como recolle Tarín— ten ás súas costas un incontábel número de páxinas que a converteron nunha xornalista respectada que se achega ás primeiras figuras mundiais, asinante de críticas que son tidas en conta no ámbito do cine ou o teatro e cun labor no mundo cultural que mesmo resulta abrumador. Como “traballadora infatigábel” aparece definida na *Enciclopedia Espasa* na edición anterior a 1936. Incontábeis páxinas de xornais asinadas por ela, máis dunha ducia de libros publicados, o seu nome está detrás de proxectos editoriais e mesmo dirixe enciclopedias pero, como ela recoñece na súa propia confesión, toda canta iniciativa promove ten detrás o continuo alento xornalístico. Ela mesma conta que a escritora Gabriela Mistral, despois de ler un dos seus artigos, lle escribe gabando o seu traballo, pero tamén incitándoa a que se adique á literatura e non se deixe “devorar polo xornalismo”.

Pouco máis de vinte anos ten María Luz Morales cando experimenta o seu contacto cunha profesión que xa non había de abandonar nunca. Nacera en 1889 na Coruña, pero moi pronto había desprazarse con toda a súa familia a Barcelona, cidade onde desenvolvería a súa formación. Malia o temperán afastamento de Galiza, a escritora manterá un contacto continuo co país. Regresa en repetidas ocasións para participar en numerosos convites, asiste a actos propagandísticos de marcado carácter galeguista en Cataluña, e a súa orixe galega deixa pegada tamén en artigos e colaboracións xornalísticas e literarias. Unha mancha de referencias, algunhas mesmo tomadas das necrolóxicas do ano 1980, dan conta de como ata a fin foi considerada en Barcelona como escritora e xornalista galega.

Serán as páxinas da revista *El Hogar y la Moda* as que primeiro acollan a sinatura de María Luz Morales. Iníciase na profesión a comezos dos anos 20 nunha publicación da que será directora en 1923. Son anos nos que colabora tamén no diario *La Vanguardia*, cabeceira especialmente vencellada á súa traxectoria profesional, xa que pouco despois pasará a formar parte da súa redacción e, como logo veremos, os avatares da historia

converterana na súa directora anos máis tarde. En *La Vanguardia*, a pluma de Morales comeza asinando artigos de moda, para logo especializarse en cine e teatro, empregando ás veces o pseudónimo Felipe Centeno. Pero a presenza de María Luz Morales nas publicacións da época desprégase como un abano en revistas como *Films Selectos*, *Mediterráneo* ou *Lecturas* e, máis adiante, participa no proxecto de breve duración *Imatges*, *Semanari Gràfic d'actualitat*.

Á marxe do labor desenvolvido na prensa catalana, a xornalista comeza en 1926 a súa colaboración co rotativo madrileño *El Sol*. Alí faise cargo da sección "La mujer, el niño y el hogar", páxina que asinará ata o ano 1931:

Larra, 8, Madrid. Redacción de *El Sol*, o xornal que naqueles últimos anos vinte reunía as máis ilustres sinaturas do país. O xornal no que, habitualmente, colaboraba Unamuno, Ortega y Gasset, Marañón, Pérez de Ayala, Ramiro de Maeztu, Francisco Grandmontagne, Luis Bello, Andrennio... E, entre tantos grandes, quen isto escribe, pequena aprendiz de xornalista, por aquel entón e este agora, tiña no grande rotativo unha rúbrica propia<sup>3</sup>.

O vencello con esta cabeceira e as periódicas viaxes a Madrid fan que a xornalista entre en contacto coa chamada Residencia Internacional de Señoritas Estudiantes, fundada por María de Maeztu, un centro que anos despois serviría de modelo para a creación doutro homólogo en Barcelona que a propia Morales dirixirá. Á institución fundada por Maeztu referirase como á que

[...] contra vento e marea (je vaia se eran violentos os ventos e mareas por aquelas datas!) fixo máis pola cultura e emancipación da muller en España, que todos os discursos, campañas e congresos feministas que, tamén naqueles días, xa abundaban.

Coa Residencia de Estudiantes, que funda no barcelonés palacio de Pedralbes, habíalle pasar igual que coa súa profesión, como ela mesma ten asegurado: quedaría truncada pola guerra.

3. *Ibidem*, p. 116.

DIRECTORA DE *LA VANGUARDIA*

En 1928 María Luz Morales pasa a formar parte da Asociación de Xornalistas de Barcelona. En 1939 será encarcerada e apartada da profesión. Impútaselle ter sido directora de *La Vanguardia* no período que vai de xullo de 1936 a febreiro de 1937. Só en 1948 poderá volver inscribirse no Rexistro Oficial de Xornalistas.

A xornalista era entón a única muller que formaba parte da redacción do diario barcelonés e fora elixida polo comité de traballadores para facerse cargo da dirección despois do golpe militar do 18 de xullo de 1936. Segundo a investigadora Antonina Rodrigo, que recolleu o testemuño de Morales:

[...] a xove xornalista galega era unha muller competente, bela, intelixente, simpática, que coñecía todos os segredos do seu oficio: desde a redacción ata o traballo nos talleres, os da imprenta e mesmo algo tan especial como o ocogravado [...]. O Comité de Control Obreiro foi elixido nunha asemblea extraordinaria e ao seu cargo corría a orientación política do diario. Pero a aceptación dos editoriais era da exclusiva competencia da directora [...] María Luz chegaba ao xornal ás seis da tarde e non abandonaba o seu despacho ata que aparecía o primeiro número, ben entrada a madrugada [...] desde o seu cargo axudou a moita xente, a uns facilitándolles avais e a outros procurándolles un escondite<sup>4</sup>.

Convértese así María Luz Morales na primeira muller que dirixe un diario no Estado español pero ela nunca deu a ese feito unha especial significación. Sobre o acontecemento explica nunha entrevista publicada en 1975:

Un episodio desta xa tan longa vida xornalística, cruzada por tantos avatares do que nin me arrepiño nin me oufano. Un simple

4. Rodrigo, Antonina: *Mujeres para la historia. La España silenciada del siglo XX*. Madrid: Compañía Literaria, 1996, pp. 205-6.

acto de servizo —si, difícil e espiñento, é certo— ao que era o meu xornal. Se nalgún momento puiden, desde este cargo, evitar males maiores, ese sería o meu mellor recordo. Tamén o da xente boa que niso me axudou. Aínda que, para ser sincera, os tempos de guerra non deixaron lembranzas senón feridas<sup>5</sup>.

A maior talvez das feridas sería aquel longo afastamento da prensa. María Luz Morales vólcase entón de forma inusual no seu traballo literario e moitos dos seus títulos nacen precisamente nos anos nos que non lle deixaban escribir nos xornais. Aínda que, a pesar da prohibición, a súa pluma continuaría aparecendo de forma clandestina en publicacións periódicas baixo os pseudónimos de Jorge Marineda ou Ariel e en colaboracións na revista *Lecturas*.

Como antesala do longo silencio, a xornalista e escritora María Luz Morales entra en prisión cando as tropas fascistas ocupan Barcelona. Arredor de corenta días estivo encarcerada nun convento acondicionado como presidio no que se amoreaban as mulleres nun mínimo espazo.

Despois de case dez anos de prohibición, María Luz Morales foi readmitida oficialmente na profesión e volveu ao traballo xornalístico na redacción do *Diario de Barcelona*, cabeceira na que continuou ata case a súa morte, dedicándose á escrita de artigos culturais e crítica de teatro e moda.

Polo seu labor literario e xornalístico, acadou premios como as Palmas Académicas de Francia en 1956, o Premio Nacional de Teatro en 1956 ou o Premio D'Ors da Asociación de Prensa en 1970. Só a maneira de panorámica cómpre botar unha ollada por riba á súa ampla obra literaria. Autora de libros de narrativa como *Balcón al Mediterráneo* (1955), *Una ventana al Atlántico* (1955) ou *Historia del Décimo Círculo* (1962), a escritora dedicou especial atención ao xénero da biografía con títulos como *Las románticas* ou os dedicados a Edison e Madame Curie. A súa especialización xornalística inspiraría tamén obras enciclopédicas como a *Historia de la moda y el vestir*, *Historia*

5. Favá, M.<sup>a</sup> Luisa: *50 mujeres de nuestro tiempo*. Barcelona: Editorial de Diáfona, 1975, p. 80.

*del teatro* ou a monumental *El Cine. Historia ilustrada del séptimo arte*, publicada en tres volumes en 1950. Da súa man saen as traducións dos clásicos da literatura adaptados aos máis pequenos que presenta en *Obras maestras al alcance de los niños*, e de 1970 data o seu *Libro de oro de la poesía en lengua castellana*. Son só algúns exemplos da intensa actividade literaria, que se completaría coa dirección de distintas enciclopedias e a actividade editorial, que desenvolveu principalmente desde o selo Surcos que ela mesma creou.

#### PRIMEIRA CRÍTICA CINEMATOGRÁFICA

A ampla actividade xornalística de María Luz Morales ten no cine un obxecto de especial dedicación. Desde os inicios segue atenta á nova arte e inaugura con rigor e coñecemento desde as súas tribunas o xénero da crítica cinematográfica.

Josep Maria Casasús repara nesta condición de vangarda do xornalismo cando analiza unha traxectoria na que, segundo sinala, se están a abrir novos camiños:

Liberal i innovadora, Morales va ser també pionera i exemplar en d'altres aspectes de la professió. I no només per la seva condició de dona. Va irrompre en la crítica de cinema, molt jove encara, quan aquest gènere no estava acreditat. No ho estava, entre d'altres coses, perquè el cinema era considerat aleshores un espectacle menor, malgrat que ja hi despuntaven grans obres. Morales va destacar en el periodisme cinematogràfic però també en la crítica de teatre<sup>6</sup>.

A especialización de María Luz Morales quedará patente na súa actividade en cabeceiras xeneralistas, pero tamén en publicacións que nacen como medios informativos centrados exclusivamente no cine. Desde o primeiro número aparecido en outubro de 1930

6. Casasús, Josep Maria: "María Luz Morales (1998-1980)". *La Vanguardia*, 23-II-1998.



a súa sinatura déixase ver na revista *Films Selectos. Semanario Cinematográfico Ilustrado*, dirixida por Tomás G. Larraya, con redacción en Barcelona.

Os artigos de Morales caracterízanse pola ampla documentación. A xornalista maniféstase profunda coñecedora da historia do cine e mostra tamén a súa ampla cultura noutros campos, como o literario ou o artístico. Ás veces, fala do cine en primeira persoa, talvez porque, como ela dicía, ocupaba daquela boa parte da súa vida. Aparece nas páxinas de *Films Selectos* como unha xornalista moderna e anovadora, que experimenta cos xéneros, como cando constrúe un guión cinematográfico para presentar a entrevista coa actriz Rosita Moreno na súa chegada a Barcelona. Os temas que aborda son diversos, pero a autora inclínase polo artigo curioso, como cando fala das feas do cine, dos trapos vellos e novos, do primeiro bico, dos cans na pantalla, das dobres, dos pés de foto ou da moda de Hollywood. Malia non ser, como ela di, "idólatra", si centra algúns dos artigos nas estrelas da nova arte, en Mary Pickford, Marlene Dietrich ou Adolph Zukor, presidente da Paramount, e, moi especialmente, no seu admirado Charlot, para quen esbozará biografías nas páxinas da publicación.

Para María Luz Morales nin o cine é arte menor nin o xornalismo que a el se dedica se pode considerar menos profesional. Desde os seus artigos reclama o rigor que se esixe noutras seccións dos xornais:

Hai que facer crítica pura, honrada e valente, hai que enxalzar o bo cine e declarar guerra sen cuartel ao malo: hai que contribuír, desde a alta tribuna do xornal, a encauzar a arte nova, predilecta das multitudes, por sendeiros de arte, de moralidade e de sentido común. Hai que combater o industrialismo, a perversidade e a insipidez na pantalla; hai que lograr que as ilimitadas posibilidades da arte nova sexan postas ao servizo do progreso moral e artístico que a cultura é... He aquí a misión que hoxe ten nas súas mans a crítica cinematográfica<sup>7</sup>.

7. Morales, M.<sup>a</sup> Luz: "Figuras de cine: El redactor". *Films Selectos*, 6 (1930), p. 12.

A súa dedicación converteríaa no seu tempo nunha autoridade na materia. A ela se dirixe, por exemplo, Antonio Orts-Ramos para que tercié na polémica sobre o cine mudo ou sonoro e, diante das fuxidas da xornalista, recolle por escrito a súa posición e explica antes do seu artigo que ninguén como

[...] a escritora galega para facelo directamente, pois os meus intentos de entrevistala fracasaron durante tres meses seguidos, que son xustamente os que fai que vou tras a ocupadísima María Luz Morales para arrancarlle a súa opinión sobre o cine.

Condenará a xornalista a aqueles críticos laudatorios tan habituais nas páxinas dos xornais e para iso fará oír a súa voz de alerta sobre os intereses dos grandes produtores que inclúen aos comentaristas no seu organigrama empresarial.

Foi, ¿a que negalo?, a mesma industria, a que impulsou a existencia da crítica. As poderosas organizacións comerciais que en torno á cinematografía se crearon, incluíron na súa complicada engranaxe a rodiña dos departamentos de publicidade [...]. Pronto a prensa se viu invadida por eses *xuízos* tan interesados como pouco amenos, xa que neles se ganduxaban, sen orde nin concerto, os máis eloxiosos e satisfactorios adxectivos, invariabelmente os mesmos. Deste modo, todas as cintas eran superproduccións, todas as estrelas xeniais, todos os astros inimitábeis, todas as realizacións fabulosas<sup>8</sup>.

Comenta nun artigo no que establece as liñas de credibilidade polas que, para ela, había de camiñar a crítica cinematográfica.

Un episodio de especial transcendencia na súa relación co cine será a súa participación en 1939 na rodaxe do filme *Sierra de Teruel / L'Espoir* dirixido por André Malraux, outra das presenzas "iluminadas" da súa vida, e na que tamén intervirán a súa irmá e o galego Serafín Fierro.

8. Morales, M.<sup>a</sup> Luz: "El equívoco de la crítica". *Films Selectos*, 87 (1932), p. 19.

## GALEGA EN BARCELONA

Se a biografía e o labor xornalístico de María Luz Morales non deixa de sorprender conforme se vai configurando a súa traectoria, non menos abraia o xeito de como mantivo o seu contacto con Galicia, a pesar de ter marchado con moi curta idade. Participa, por exemplo, en multitude de conmemoracións celebradas en Barcelona, como a homenaxe que en 1955 lle tributa o Centro Galego á escritora Pura Vázquez, a quen María Luz Morales prologará o seu poemario *Mañana del amor*. Da súa autoría é tamén o limiar do libro de Elvira Martín *Tres mujeres gallegas del siglo XIX. Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán* (1962) que fora gañador do premio de Biografía Aeodos de cuxo xurado formaba parte a nosa autora.

Relacionada con escritores galegos en Barcelona, a xornalista está continuamente atenta ao acontecer cultural do país e deixa mostra diso na súa actividade. Asina, por exemplo, con xa máis de setenta anos, unha crítica en *Diario de Barcelona*, sobre a representación no Teatro Campsa por parte do Corral das Comedias da obra *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, recompilada por Xesús González Gómez no seu traballo sobre a recepción da obra en Barcelona.

“Era un grande artista do lapis, mestre no augaforte: era ademais un home bo... e desditado. Amou a súa Galicia natal con paixón dorida: reflectiu os seus tipos e costumes así como as súas lacerías en libros de grande difusión como *Cousas e Nós*”, comeza a crónica para despois recriminar que “a tradución castelá, ao facer máis rixido o texto, e a sucesión sen máis, da cabriola pola cabriola, resta moito da súa esencial galeguidade ao tema, o que vale tanto como dicir que a súa intencionalidade... Faise aquí, en verdade, a farsa, máis satírica que enxebre. E Castelao non é Castelao se non é, fundamentalmente, galego”<sup>9</sup>.

A xornalista mantén un contacto directo cos galeguistas e intervén en actos organizados no país como a homenaxe a Ma-

9. Morales, María Luz: “El Corral de comedias presenta *Los viejos no deben de enamorarse* de Castelao”. *Diario de Barcelona*, 28-XI-1973, p. 19.

nuel Luís Acuña de 1933 na que intervén con Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor ou Otero Pedrayo.

En Barcelona exerce como representante da Asociación de Escritores Galegos, creada en Santiago en 1936 e os seus vencellos co Partido Galeguista quedarán á vista na súa participación activa na capital catalana na campaña para a aprobación do Estatuto Galego. As afinidades de María Luz Morales co galeguismo quedan claras no artigo que sobre Galicia escribe na revista catalá *Esplai* (1934) no que, despois de referirse aos soños dese novo tempo, afirma:

Sommis que el galleguisme renaixent tracta de tornar realitats, i que potser no sigui lluny el dia de llur realització, somnis que empenyen l'acció, la vida, la fe, l'optimisme... I no serien eixores encara que no es complissin. Que no tot és somni en els somnis<sup>10</sup>.

Aurora Marco documenta a súa pertenza ao Partido Galeguista e refírese en especial a dous artigos publicados en *El Sol* nos que a xornalista convida ao emprego da lingua galega, artigos que logo foron recollidos en *A Nosa Terra*, acompañados dunha loa á autora e ás ideas que defende no rotativo madrileño. “Aínda que a súa vida transcorre en terras catalanas, Mari Luz Morales non se desvincula da súa terra e participa, desde Cataluña ou nas súas viaxes a Galiza, en actos de tipo cultural e mesmo político (pertencía ao Partido Galeguista) en apoio e defensa da súa terra”<sup>11</sup>, sinala Aurora Marco no libro *Las precursoras*, nunha das poucas aproximacións que á xornalista se lle fixeron nos últimos anos.

Fascinada en especial polas figuras de Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán —das que elaborará diversas biografías en distintos formatos—refírese a elas coa proximidade que lle dá compartir coas tres a súa condición de muller galega. De maneira explícita faino no retrato que de Rosalía elabora no libro *Las románticas*:

10. Morales, M.<sup>a</sup> Luz: “Una punta d'Europa: Galicia”, *Esplai* 115 (1934).

11. Marco, Aurora: *Las precursoras*. A Coruña: La Voz de Galicia, p. 19.

Todas as galegas con dous dedos de fronte e unha migalla de sensibilidade, por moi literatas que sexamos, sabemos que —aínda respectando no que valen tan ilustres nomes— as verdadeiras grandes mulleres de Galiza non son as que xogan un grande papel na Arte e a Historia senón aquelas outras ignoradas e humildes que “no campo comparten metade por metade a ruda faena cos seus homes; na casa soportan valerosamente as ansias da maternidade, o traballo doméstico e a aridez da pobreza; que, soas a maior parte do tempo, traballan de sol a sol, sen axuda para manterse, para manter aos seus fillos e aínda quizais ao pai valetudinario, condenadas a non atopar descanso senón na tumba”. ¡Viúvas dos mortos, viúvas dos vivos, ás que a emigración ou a guerra arrebatan marido, amante, fillo, irmán! De todas as galegas ilustres, é por iso a máis grande Rosalía; porque na súa voz salouca a dor de todas estas esquecidas...<sup>12</sup>

#### TRES DÍAS ABONDAN PARA ESQUECER

Forma parte María Luz Morales desa primeira xeración de grandes nomes de mulleres xornalistas que viron a súa historia sesgada polo golpe militar e a posterior ditadura. Comparte con Carmen de Burgos, Josefina Carabias, Mercé Rodoreda, Margarita Nelken ou Irene Polo a inicial incursión das mulleres nas páxinas impresas en rotativa, cunha vitalidade que logo había de ser esmagada. Coa maior parte delas coincide tamén no esquecemento.

Case na fin da súa vida, María Luz Morales recoñecía a caducidade do seu traballo xornalístico e auguraba que o futuro botaría terra sobre a súa obra. Agradecía calquera intento de rescatar un bo recordo de todos os seus milleiros de páxinas e da súa dedicación vital á profesión do xornalismo “ourizada de fatigas e glorias, de riscos e atractivos”:

12. Morales, M.<sup>a</sup> Luz: *Las románticas*. Madrid: Ediciones Avance, 1930.

Concedamos, todo o máis —declaraba—, que o meu nome sexa medianamente coñecido no mundo das letras, quizais pola asiduidade en cultivalas, pola continuidade —non menos de medio século— nas tarefas literarias xornalísticas. A esta última, que é á que dei na miña vida máis horas e máis desvelos, debo, acaso, unha certa popularidade. Porque é certo que, a través do xornal, podemos nun só día expresarnos, comunicarnos, con miles de lectores... que, ao cabo de tres días de silencio, nos olvidan. Aos que, nestes instantes, non me teñan esquecido, a aqueles para quen, neste instante, sexa o meu nome unha mensaxe de bo recordo, desde estas liñas, ¡moitas grazas!<sup>13</sup>

13. Favá, M.<sup>a</sup> Luisa: *50 mujeres de nuestro tiempo*. Barcelona: Editorial de Diáfono, 1975. p. 83.